TOCA DESCANSAR PARA QUE O COR VERMELLO BRILLE TAMÉN EN 2015

Última xornada do ano 2014 para os diferentes equipos do Numancia. Os resultados foron mais ben negativos, sinal de que os nosos equipos chegan cansos ao final do ano por culpa do gran traballo realizado no 2014. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Derrota en Prados Vellos ante un Ortigueira que xogou moi ben as suas bazas para vencer aos numantinos. Toca combinar descanso con algún adestramento para volver con moita forza en 2015. ¡¡¡Daremos que falar¡¡¡

XUVENÍS: A gripe debilitou moito ao equipo xuvenil que acudiu bastante mermado ao campo anexo do Misael Prieto. Derrota axustada ante o Meirás nun campo demasiado compricado para xogar ao fútbol. Combinarán tamén descanso con algún adestramento. Seguen na zona alta da clasificación e aspirarán a TODO no 2015. ¡¡¡A seguir creando ilusión¡¡¡

CADETES: Derrota en Prados Vellos ante o Meirás CF nunha tarde non que as cousas non sairon ben. Estamos seguros que o parón de Nadal virá moi ben aos rapaces para reflexionar e volver con forza no 2015-. ¡¡¡Ánimo rapaces¡¡¡

INFANTÍS: Foron claramente derrotados polo líder da competición, o Racing de Ferrol "B" en Prados Vellos. Un equipo infantil que mantén un grupo forte e amplio de rapaces que merecen un bo descanso no Nadal para seguir crecendo en 2015. ¡¡¡A disfrutar das merecidas vacaccións¡¡¡

FÚTBOL - 8: Os **biberóns** debutaron na Liga AFACO de fútbol - 6 o pasado xoves no Pavillón de Ares nun fermoso partido ante o CD As Pontes. O **prebenxamín "A"** descansaba, namentras que o **prebenxamín "B"** perdía por primeira vez nesta Liga ante o Portuarios. Os **benxamíns** vencían a domicilio o SDR Ánimas. Os **alevíns** conseguían un punto no seu desplazamento a Caranza ante o Galicia de Caranza "C". Un futbol - 8 que sigue crecendo e que combinará Torneos e descanso no Nadal para volver con forza no 2015. ¡¡¡Papa Noel e Reis Magos tedes que ser bos con todos estos pequenos nenos futbolistas, ben o merecen¡¡¡

En resumo última xornada do 2014 con todos os equipo competindo con boa saude, moita afición en Prados Vellos e nos desprazamentos e coas ilusións intactas para o 2015. Neste Nadal os prebenxamíns xogarán o Torneo do Once Caballeros en O Temple - Cambre o 26 de decembro. Os benxamíns e cadetes participarán no Torneo do Rayo Sadense os días 27 e 28 respectivamente. Serán os últimos coletazos de fútbol neste ano que termina con satisfacción

no aspecto futbolístico. ¡¡¡Gracias a tod@s por acompañarnos, seguirnos e animarnos todos os fins de semana¡¡¡ Volveremos con mais forza no 2015.

¡¡¡FELICES FESTAS E PRÓSPERO ANO 2015 PARA TOD@S OS NUMANTIN@S¡¡¡

O Numancia somos tod@s

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡

SDR
NUMANCIA
ARES
Dende a A.D.R. Numancia de Ares
queremos desexarlles
unhas felices festas
e próspero ano 2015